



## RATO PINCHO

Aquí tes a oportunidade de ler a historia do **Rato Pincho** de **Gloria Sánchez** adaptado para monicreques

As peripecias de Rato Pincho son tan divertidas que van entravos unhas ganas enormes de representala vós mesmos co voso propio teatro de monicreques.

Cando vos apeteza.

Para divertirvos sen límites facendo un teatro moi especial.

E así, de paso, demostrar o voso talento.

Que de certo que é moito!

Por iso, deixámosvos un **teatriño** feito con cartón.

E tres **escenarios** completiños.

E todos os **personaxes** que interveñen na historia.

Así que xa podedes representar a obra!

**Non hai excusas!**



## MONICREQUEAMOS

Na segunda parte do libro propoñemos unha serie de técnicas moi sinxelas para que vos animeades a monicrrear, ou o que é o mesmo, a construír os vosos propios monicreques a base de materiais tan “especiais” que non podíades nin imaxinar que puidesen servir para iso.


Atoparás unha mancha de propostas para facer monicreques.

Porque pode haber monicreques:

- \* de luva
- \* de fio
- \* de papel
- \* de dedo
- \* de mans...

Tamén agardan por ti interesantes consellos para aprender a representar como é debido cos monicreques: como elaborar a historia, como crear efectos especiais, a música....

NON CHE ENTRAN  
UNHAS GANAS TOLAS DE  
**MONICRREAR!**



## A REBELIÓN DO MONICREQUE

Estamos diante dunha obra de teatro moi especial. Para empregar, porque os actores principais non son dous actores calquera, senón **Anteollos** e **Trapos**, dous monicreques con ganas de vivir aventuras. E abofé que van vivilas.

A obra **A rebelión do monicreque** vaiche servir, ademais de para pasar un anaco cheo de intriga e aventuras, tamén para que descubras os monicreques. Comprobarás que é un xeito grande e fermoso de te divertir.

Porque neste espectáculo de monicreques conviven os actores e as actrices de “carne e óso” con eses outros actores e actrices que poden ser de calquera outra cousa: de madeira, de pau, de papel, de fio... incluso de dedo!... Os monicreques sonche así. Porque o teatro ten moitas caras. E os monicreques son unha delas.

Unha, por certo,  
das máis divertidas.  
**Vamos descubri-lo!**

